

D U A S N O T A S

A B I B L I O T E C A L A G O

En cada ano unha ves, tal dia como hoxe, temos que facer a lembranza do Dr. Lago a quen a morte non deitará no esquecemento. E este ano, anque o seu corpo siga soterrado no escuro pudrideiro dos Arcebispos compostelans temos xa, ergueito e perdurable, un moimento aquecido ó seu espírito: a Biblioteca que leva o seu nome, a xurdir a cotío óleo de saude, como o saitego de San Faxildo.

Agora temos o seu inventario imprentado, feito con miudo traballo por Don José María Bustamante, fasquia leda de entomólogo, rexo ánimo de explorador, que non perde quentura na valorenta friaxe das longas mañáns de traballo na Biblioteca universitaria.

Non podería facerse biografía mais ouxetiva que a recadada n'este Catálogo. Dispersionalos libros de un morto é mais noxento que espallar as suas cinzas. Bouza descubriu o segredo da formación de Pondal nos seus libros da Sociedade Económica de Santiago; eu mesmo topei a írtida inquedanza de Don Diego Juan de Ulloa na sua biblioteca arrecantada no Arquivo Catedral e ó mercare a probe abada de impresos que deixou Porteiro espín un iñorado espírito de crasicista, que ninguén ollara no loitador. Na mesma Compostela, Felipe de Castro, Pedro de Acuña, Raxoy, La Sagra, López Ferreiro agardan semblanzas bibliográficas, como a que poidera facerse de Don Pedro Antonio Sánchez na Biblioteca do Consulado da Cruña. O nome de Vales Faílde non morrería tan cedo si os seus libros tiveran sido mercados pola nosa facultade de Dereito. Esto entre nós, que foras mancheas de homes nos amostran que unha laboria artística pode ser efimera a carón d'unha esperta recollida de libros ou de ouxetos.

Biblioteca Lago é decir galeguidade e

universalidade, ampria longanza científica, investigacións dos orixens e degoro das novidades, aficións de botánico, bibliófilo e poeta, alicerce de rexa formación relixiosa, e práctica de moitas línguas, como medio de traballo.

Inzarán os cultivos do seu xardín na nosa nai compostelán. Que regalo do espírito tan ta semente axuntada gran a gran, cada libro un gozo e un sacrificio! Que arela a cada novo encargo! O Bispo, na solaina do pazo, perdería o ollar nos «millos da verde Armamá» degorando a chegada do correo. Logo a ledicia de fitar os sellos e o timbrado dos paquetes recendentes a tipografía e a longas viaxatas europeas, e a mán tremente que desgrilloa os libros: pequenos libriños dos crásicos, nisperos doces pra a soedade dos vráns na Pousa; grandes tomos do Migne e do *Cursus Scripturæ*, sabor de xugosas noces pra as seráns do inverno; mel fresqueira do Mediterráneo, en limpos vidros de Verdaguer e de Mistral, pr'as feridas da loita; viño acedo de inquedanzas políticas desvelo nos días de sopor outonizo... e logo, pr'as albadás brancas da pascua, as froliñas miudas dos nosos Cancioneiros.

Na noite de Tuy, deitada en fondas venelas, como auga en pousados canles, a luciña da cámara do Bispo remexía as trebas deica o rayar do sol, e na noite compostelán, temerosa sempre d'un espertar das arquitecturas barrocas, aquel cuartíño de estudiante en que durmía, acenaba sempre roitas de traballo, c'unha limpia rayola, testemuña do seu ergueito vixiar. Ainda aquela doorida mañán de marzal en que, denantes que soaran as bateladas da i-alba, viñéronme chamar pra acompañar o seu Viático, o mellor adobio da espida habitación eran uns libros, pechados de días, sobre calquer mesiña, uns

probes libros que agardarían ainda agora unha mán cariñenta se non estiveran cabo de nós.

Este busto romanizante posto no medio da Biblioteca non é o de un brando pastor

do pobo fiel senón o de un xerente de pobos. Pero cícais, ca sua forza, prediga a función que poden ter os libros seus, rexia chamada a todos, que ali xuntamos o noso probe esprito ó seu esprito.

KINGSL E Y P O R T E R

O nome ben amado dos estudiosos do románico encabeza agora unhas follas de lene filosofía: divertimentos de sabio en días de vagar, conversas de paseio, entre campías, á percura de algúñ moimento, escritos de travesía do Atlántico, cando o aborrecemento de longas horas sen libros preme o coidar. Estes pequenos ensaios de diversas procedencias, xuntos no 1928 en «*Beyond Arquitecture*» e traducidos ó castelán por Pérez de Urbel, teñen emoción de camiño: ándanse logo e desándanse a modiño, unha e outra ves, para abrir un dos hourizontes de interrogações que tanto ama o noso Otero Pedrayo.

Tres ensayos, tres reaccións do sabio frente ós temas cotiáns da sua vida: un campo de traballo, o estudio do arte, a vida mesma... O primeiro, con forte saxonismo, ataca o arte román na sua falla de ledicia creadora. O sabio, farto de fichas, fotos e libros topa o triste valeiro d'un arte mercenario que sigue inspirando a artesanía dos copistas. Fai como unha composición de lugar pra o segundo: «*Estrelas e telescopios*», vacuna pra o arte contra o andacio da historia, onde percura, baixo a mesta producción dos nosos días e os sofisticos tesouros dos Museos, os alicerces da emoción estética. Na buscada definición inza a revolta do erudito contra a confusión de

medios e fins, que chamara entre nós Lou-sada Diegues «inventario da testamentaria». As concrusións recóllense no final, no mais agudo dos tres ensayos. Unha visión da vida actual pra anotar datos básicos de unha posición antimoderna e antisocietaria. Compre a técnica escolástica de Maritain pra organizar feitos da forza dos que aquí xoga Porter, mais achegado a manexar fotos de escultura románica que datos sobre o futbol como feito revelador. O xuguete é denso d'abondo pra un «intruso» na profesión filosófica, e, xa non pode dar un froito exámen de causas, faise agudo cartel de propaganda, contra a propaganda mesma, tan boo aperitivo de outa filosofía que poidera firmalo Chesterton, cuyo estilo vitaliza todo o libriño.

Espello da posición dos estudiosos e sobre todo dos estudiosos mártires do balbor do das grandes vilas, axil glosa do «*Beatus ille*» e un frenazo en toda carreira, prólogo de unha «teoría da velocidade»; no seu remate pode escomenzar a laboría do leitor. Porter topa ás xentes alonxadas de Ruskin, pero demostra que xa hai no mundo quen poida continuar en Compostela, «*As pedras de Venecia*».

Pontevedra, Marzo, 1930.

FILGUEIRA VALVERDE.

VEN D'APARECER

TOMO I das OBRAS COMPLETAS

de LEIRAS PULPEIRO

3 ptas.